



## Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Dereito do Traballo II			Código	660G01012
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Dereito Público				
Coordinación	Munín Sánchez, Lara María	Correo electrónico	l.munin@udc.es		
Profesorado	Munín Sánchez, Lara María	Correo electrónico	l.munin@udc.es		
Web	moodle.udc.es				
Descrición xeral	Nesta materia estúdanse, o contrato de traballo e a relación que xorde deste nos seus principais aspectos que abranguen tanto a súa orixe, coma o seu contido, modificación e extinción e unha referencia ás denominadas relacións laborais especiais.				



## Plan de continxencia

### PREVISIÓNS PLAN CONTINXENCIA:

1. Modificacións nos contidos: Non se prevén modificacións.

2. Metodoloxías: Mantense as metodoloxías da asignatura :

Sesión maxistral-ainda que se substituirá a presencialidade pola docencia e exposición virtual a través de plataforma Teams ou similar que habilite o centro no seu horario habitual.

- Portafolios do alumno: mantéñese a súa consideración como conxunto de traballos, prácticas e tarefas de calquera índole realizadas e entregadas polo alumno durante o cuatrimestre conforme a os criterios sinalados polo profesor. Nas devanditas tarefas combinaránse igualmente metodoloxías diversas como o estudo de casos , análise de fontes documentais etc. pero excluindo calquera modalidade que requira presencialidade e empregándose para todas elas a plataforma moodle.

- Proba obxectiva: manterase a proba obxectiva e a súa porcentaxe de valoración no conxunto da asignatura mais realizarase empregando a plataforma Moodle. - tanto para o cuestionario test como para o suposto práctico no seu caso.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: empregarase ademáis do correo electrónico diario a requerimento do alumno segundo ás súas necesidades, a plataforma habilitada a tal efecto polo centro no horario habitual de tutorías da asignatura.

4. Modificacións na avaliación

Non se contemplan cambios no sistema de avaliación, toda vez que o modelo deseñado pode manterse nestas circunstancias coa única salvedade do medio empregado para a realización das probas que se substituirá polo uso da plataforma moodle tanto para a parte teórica como para a parte práctica. En consecuencia:

- Para a cualificación da materia atenderase a todas as prácticas e traballos realizados durante o cuatrimestre ( entregados por Moodle dentro do prazo establecido ) , así como á proba obxectiva ou traballo final ( a realizar la fecha que se indique ) que servirá como revisión de conceptos teóricos.

- A proba obxectiva consistirá nun cuestionario con aproximadamente 20 preguntas, que tamén debe ser entregado a través da plataforma Moodle, no tempo permitido para este propósito.

-) A nota final obterase do seguinte xeito:

A media do conxunto de prácticas ou traballos (excepto a práctica final) representará o 60% da puntuación total.

A práctica final representará o 40% restante da nota.

- Os alumnos que tendo dispensa manifestaran a opción pola proba final única, ( e non pola avaliación continua ) deberán realizar a práctica final do mesmo xeito que o resto de alumnos e a maiores una tarefa consistente nun caso práctico que se subirá á plataforma Moodle, correspondendo a ésta o 60% da nota total e o 40% á práctica final (test)

- A nota ou nota total comunicáraselle a cada estudante indicando así mesmo, a data e os medios virtuais a empregar para a revisión e reclamacións.

- os alumnos que non superasen o curso nesta primeira oportunidade, deberán realizar a proba prevista para a segunda oportunidade na data fixada no calendario do centro, que consistirá en realizar e entregar no prazo que se indique, unha tarefa de cuestionario a través de moodle. A proba representará o 40% da puntuación total, o 60% restante consistirá realización dunha tarefa que se subirá tamén á plataforma moodle para a su entrega na data especificada. Os alumnos que durante a avaliación continua (ou os de dispensa) que superaran a parte práctica, conservarán a súa puntuación neste apartado, quedando dispensados da realización da parte práctica. Do mesmo xeito, os que tiveran superada a parte teórica conservarán a nota, realizando unicamente a parte práctica.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Se recomiendan preferentemente ,

- Mercader Urgina, J.R., De la Puebla Pinilla, A. Gomez Abelleira, F.J. (). Lecciones de Derecho del Trabajo. Ed. Tirant Lo Blanch/ Disponible en biblioteca on line ERLAC y udc ( Biblioteca virtual Tirant)

- García Perrote-Escartin, I. (). Manual de Derecho del trabajo. Ed. Tirant Lo Blanch/ Disponible en biblioteca virtual ERLAC y de la UDC ( Biblioteca virtual Tirant)

- García Ortega, J.y VVAA - Derecho del Trabajo 7ª Edición 2019 Ed. Tirant Lo Blanch/ Disponible en biblioteca virtual ERLAC y de la UDC ( Biblioteca virtual Tirant)



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Marco normativo regulador das relacións laborais.	A1		
Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.	A13		
Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.	A14		
Asesorar e/ou xestionar en materia de emprego e contratación laboral.	A16		
Realizar funcións de representación e negociación en diferentes ámbitos das relacións laborais.	A20		
Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados.	A27		
Representación técnica no ámbito administrativo e procesual e defensa ante os tribunais.	A30		
Aplicar os coñecementos á práctica.	A31		
Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.	A33		
Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.	A35		
Resolución de problemas.		B1	
Capacidade de análise e síntese.		B2	
Toma de decisións.		B5	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.		B6	
Razoamento crítico.		B8	
Traballo en equipos.		B9	
Motivación para a calidade.		B12	
Aprendizaxe autónomo.		B14	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7

Contidos	
Temas	Subtemas
I. O NACEMENTO DA RELACIÓN INDIVIDUAL DE TRABALLO.	TEMA 1: O CONTRATO DE TRABALLO.  TEMA 2: A CELEBRACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO.  TEMA 3: FUNCIÓN E ANOMALÍAS DO CONTRATO.  TEMA 4: MODALIDADES DO CONTRATO DE TRABALLO.



II. CONTIDO DA RELACIÓN DE TRABALLO.	<p>TEMA 5: I. A PRESTACIÓN DE SERVIZOS (I): DETERMINACIÓN OBXECTIVA E ESPACIAL.</p> <p>TEMA 6: A PRESTACIÓN DE SERVIZOS (II): O TEMPO DE TRABALLO.</p> <p>TEMA 7: DEBERES DO TRABALLADOR NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS.</p> <p>TEMA 8: OS PODERES DO EMPRESARIO.</p> <p>TEMA 9: O SALARIO.</p> <p>TEMA 10: A PROTECCIÓN DO TRABALLADOR.</p>
III. VICISITUDES DA RELACIÓN DE TRABALLO.	<p>TEMA 11: A MODIFICACIÓN SUBXECTIVA.</p> <p>TEMA 12: MODIFICACIÓNS OBXECTIVAS.</p> <p>TEMA 13: VICISITUDES TEMPORAIS.</p>
IV. EXTINCIÓN DA RELACIÓN DE TRABALLO.	<p>TEMA 14: EXTINCIÓN DA RELACIÓN DE TRABALLO (I): CONCEPTO E CAUSAS.</p> <p>TEMA 15: EXTINCIÓN DA RELACIÓN DE TRABALLO (II): ESPECIAL REFERENCIA AO DESPEDIMENTO.</p>
V. RELACIÓNS ESPECIAIS.	TEMA 16: AS RELACIÓNS LABORAIS DE CARÁCTER ESPECIAL.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A13 A14 A16 A20 A27 A30 A33 B1 B2 B6 B8 B12 C3 C4	20	50	70
Portafolios do alumno	A1 A13 A14 A16 A27 A31 A35 B1 B2 B5 B8 B9 B12 B14 C1 C3 C4 C6 C7	20	50	70
Proba obxectiva	A1 A13 A16 A20 A27 A30 A31 B1 B2 B5 B8 C1 C6	2	7	9
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Portafolios do alumno	<p>A os efectos de esta materia o portafolios do alumno designa o conxunto de traballos, prácticas e tarefas de calquera índole realizadas e entregadas polo alumno durante o cuatrimestre conforme a os criterios sinalados polo profesor. Nas devanditas tarefas combinaránse metodoloxías diversas como o estudo de casos , análise de fontes documentais, discusión dirixida, presentacións orais ou saídas de campo.</p>
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Sesión maxistral</p> <p>Proba obxectiva</p> <p>Portafolios do alumno</p>	<p>Trátase de facilitar ao alumno a través de atención personalizada, información sobre calquera cuestión que se formule no desenvolvemento da materia, tales como, métodos, habilidades, propostas, análise que podería levar a cabo na comprensión e aprendizaxe da materia etc.</p> <p>Esta actividade poderá desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A13 A16 A20 A27 A30 A31 B1 B2 B5 B8 C1 C6	<p>A proba obxectiva que deberá facer o alumno para avaliar o seu nivel de aprendizaxe poderá realizarse de diversas formas, podendo se así se considera necesario, combinarse distintos tipos de preguntas: preguntas de test, preguntas de resposta múltiple de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> <p>Tamén de consideralo oportuno poderá construírse cun só tipo dalgunha das formas anteditas.</p>	40
Portafolios do alumno	A1 A13 A14 A16 A27 A31 A35 B1 B2 B5 B8 B9 B12 B14 C1 C3 C4 C6 C7	<p>O portafolios ou carpeta- para os efectos desta materia- inclúe todos os documentos ou arquivos que deban ser entregados polo alumno para a súa puntuación como &amp;quot;traballos&amp;quot; ou &amp;quot;prácticas&amp;quot; xa consistan en traballos de investigación, análise de casos, resumos, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, etc.</p>	60

### Observacións avaliación



## CRITERIOS ESPECÍFICOS DA AVALIACIÓN

1º) A puntuación total da asignatura comprende dúas partes :

a proba obxectiva final que representa o 40% da nota , e o conxunto de prácticas realizadas durante o curso ,que comprenderá o 60% restante.

A entrega das prácticas para a súa valoración polo profesor

só poderá realizarse na plataforma Moodle e dentro do prazo indicado en cada

caso polo profesor. Asimesmo lémbrese ós alumnos que a asistencia ás clases é

obrigatoria de modo que só poderán valorarse ás prácticas dos alumnos que

asistan ás clases o, en su caso, contén coa correspondente dispensa . Para iso é preciso comunicalo con

antelación e aportar o correspondente xustificante da causa que impida a

asistencia ás clases. ( A dispensa no eximirá da entrega das prácticas dentro

do prazo asignado).

2º) Como alternativa para aqueles estudantes que non poidan

realizar o seguimento da materia por

evaluación continua, por ter recoñecida a dispensa de docencia, poderán optar

por examinarse nunha proba obxectiva

durante os períodos de avaliación establecidos oficialmente para a primeira

oportunidade. Tal proba incluírá unha parte teórica ( 40% da nota ) e unha

parte práctica ( caso práctico ou suposto similar - 60% da nota ). De non

susperar a materia na devantida proba o

alumno aparecerá como suspenso na convocatoria ordinaria e só poderá ser

reexaminado na segunda oportunidade (normalmente xullo) conforme ó expresado no

apartado seguinte.

A estos efectos, todos os alumnos deben explicar ao profesor

por correo electrónico se solicitaron a dispensa e se foi concedida e debe

indicar se a súa avaliación será AVALIACIÓN CONTINUA ou PROBA OBXECTIVA FINAL .

O ALUMNADO NON PODE EVALUARSE POR AVALIACIÓN CONTINUA E

SIMULTANEMENTE POR PROBA OBXECTIVA

FINAL (DISPENSA)

Se non se indica expresamente o sistema de avaliación nun

plazo prudencial, entenderase que o alumnado opta por avaliación continua.

3º) A convocatoria de Xullo ( segunda oportunidade) consistirá na realización dunha proba

obxectiva que incluírá unha parte teórica (representa o 40% da nota ) e unha

parte práctica ( caso práctico, ou supuesto similar que representa o 60% restante)

. Nota: os alumnos que superaran a parte práctica ou a teórica ( proba obxectiva)

durante eo cuatrimestre poderan presentarse só a recuperar a parte non

superada.



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Mercader Urgina, J.R., De la Puebla Pinilla, A. Gomez Abelleira, F.J. (). Lecciones de Derecho del Trabajo. Ed. Tirant Lo Blanch/ Disponible en biblioteca on line ERLAC</li><li>- Martín Valverde, A. y otros (). Derecho del Trabajo. Ed. Tecnos</li><li>- Vida Soria, J. y otros (). Manual de Derecho del Trabajo. Ed. Tirant Lo Blanch.</li><li>- Albiol Montesinos, I. y otros (). Compendio de Derecho del Trabajo. Ed. Tirant Lo Blanch.</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- García Perrote-Escartin, I. (). Manual de Dererecho del trabajo. Ed. Tirant Lo Blanch/ Disponible en biblioteca virtual ERLAC</li><li>- Alonso Olea, M. y Casas Baamonde, M.E. (). Derecho del Trabajo. Ed. Civitas</li><li>- Palomeque López, M. y Alvarez de la Rosa, M. (). Derecho del Trabajo. Ed. Centro de Estudios Ramón Areces</li><li>- Camps Ruiz, L.M., y Ramírez Martínez, J.M., Coord. (). Derecho del Trabajo. Ed. Tirant Lo Blanch</li></ul> <p>Débese dispoñer, para o seu manexo durante o curso, da lexislación laboral ( Estatuto dos Traballadores e demais disposicións complementarias) debidamente actualizada. Igualmente poderanse consultar outro tipo de Fontes de información: artigos de fondo, estudos concretos sobre unha materia, investigacións respecto a distintos temas, así como internet. Toda a bibliografía e lexislación recomendada, debe de ser a última edición publicada.</p>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución ao Dereito/660G01001

Teoría das Relacións Laborais/660G01010

Dereito do Traballo I/660G01011

Dereito Sindical I/660G01013

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito Sindical II/660G01014

### Materias que continúan o temario

Dereito Procesual Laboral/660G01032

## Observacións

Esta materia empregará como elemento fundamental da docencia a plataforma Moodle de modo que será responsabilidade do alumno a súa debida utilización para os distintos usos para os que poida ser requirida así como a súa consulta coa debida periodicidade.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías